



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA



Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 545381 Fax: 981 541676



4907 08.04.2011 12:55

AMIGOS DA TERRA

Rúa da Concordia, 20 - 2 esquerda

32003 OURENSE

ASUNTO: DENUNCIA POR VERTECURA AO RÍO ALVEDOSA EN REDONDELA

En resposta ao seu escrito recibido en data 07/03/2011, cómpre informarlle que:

Aínda que a afección a causa do vertido denunciado a causa das obras do AVE puido chegar ao río Alvedosa, o vertido foi ao río Maceiras. Por este motivo, remíteselle copia do informe dos vertidos inventariados no río Maceiras e as actuacións administrativas realizadas con respecto aos mesmos, emitido con data de 8 de abril de 2011.

O que se lle comunica para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2011

O xefe da área de vertidos, e.f.



Francisco Julio Gutiérrez García





PUNTOS DE VERTIDO INVENTARIADOS NO RÍO MACEIRAS **PROVENIENTES DAS OBRAS DO AVE**

INTRODUCCIÓN

Dende o Plan de Control de Vertidos (PCV) pertencente á Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico (SXXDPH) de Augas de Galicia, leváronse a cabo inspeccións ás diferentes empresas que están realizando as obras do AVE, no lugar de San Estevo de Negros (Concello de Redondela). Estas empresas, "UTE VIGO-DAS MACEIRAS" e "UTE MACEIRAS-REDONDELA", verten as augas residuais industriais (ARI) que xeran ao río Maceiras (afluente do río Alvedosa).

En varias ocasións, o Servizo de Emerxencias (112) comunicou a Augas de Galicia alertas nesta zona, por mor da presenza de turbidez no Río Maceiras.

Esta campaña de inspeccións, ten un carácter continuo, xa que como continuación ao inventario dos vertidos ao Río Maceiras e inspeccións ás obras do AVE, realízase un seguimento e revisión dos puntos inventariados así como as comprobacións oportunas en relación as actuacións realizadas polos titulares dos vertidos.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente informe é de aplicación aos puntos de vertido detectados no río Maceiras por mor das obras do AVE.

A continuación preséntase a imaxe da zona obxecto de estudo no Río Maceiras (afluente do Río Alvedosa):




Imaxe 1.1 – Zona das obras do AVE ao seu paso polo Río Maceiras



A continuación detállase a localización dos puntos de vertido detectados no Rego Maceiras procedentes das obras do AVE:

Para avaliar a importancia dos diferentes puntos de vertido detectados empregáronse estrelas de diferentes cores. A clasificación seguida é:

★	Puntos de vertido con indicios de vertidos de augas residuais (pendentes de toma de mostra)
★	Puntos de vertido que cumpren os límites impostos.



Imaxe 1.3: Detalle da zona do Río Maceiras onde se atopan os puntos de vertido titularidade das empresas que levan a cabo as obras do AVE .



CONCLUSIÓNS XERAIS

Existen tres puntos de vertido procedentes das empresas que están a levar a cabo as obras do AVE na zona obxecto do presente informe. Un destes puntos de vertido presenta indicios de contaminación (aínda que está pendente de toma de mostra, xa que nas últimas inspeccións realizadas á zona non estaba a verter) e os outros dous puntos de vertido cumpren os límites fixados no expediente de autorización de vertido na última mostra, tomada polo PCV por mor da alerta do día 26/02/2011.

En base ao detectado nas inspeccións efectuadas polo Plan de Control de Vertidos de Augas de Galicia en datas anteriores á última alerta, de data 26/02/2011, as mercantís implantaron melloras no sistema de depuración incrementando as medidas relativas á filtración e retención de sólidos das augas residuais ao dominio público (ampliación de capas de xeotextil, balas de palla e acumulación de gravas de distinto tamaño ao longo do sistema de evacuación dos vertidos e control do bo estado de funcionamento dos sistemas), previo requirimento de Augas de Galicia.

Os 3 puntos de vertido inventariados, no rego das Maceiras, titularidade das empresas "UTE VIGO-DAS MACEIRAS" e "UTE MACEIRAS-REDONDELA", están en trámite de autorización.

Aos efectos de compaxinar o dereito da Lei 27/2006 coa limitación establecida no artigo 37.3 da Lei 30/1992, respecto dos non titulares de expedientes sancionadores, cómpre informar que, en relación aos puntos de vertido provocados polas obras do AVE no termo municipal de Redondela, Augas de Galicia ten tramitados os procedementos seguintes:

Clave: DH.D36.16176, resolto en data 19 de xaneiro de 2010 con imposición de multa de 13.500 €.

Clave: DH.D36.16377, resolto en data 12 de abril de 2010 con imposición de multa de 6.010,13 €.

Clave: DH.D36.16954, resolto en data 10 de febreiro de 2011 con imposición de multa de 6.010,13 €.

No anexo I podemos ver os resultados analíticos das tomas de mostra nos puntos de vertido VS-3295 e VS-3296 (códigos de mostra DS3-AGV-260211-A1 e DS3-AGV-260211-B1, respectivamente) tomadas a consecuencia da última alerta, comunicada polo Servizo de Emerxencias (112) data 26/02/2011.



ANEXO I: RESULTADOS ANALÍTICOS

DATOS XERAIS

INFORME Nº: 875962

ANÁLISE Nº: 1393278

MOSTRA REMITIDA POR: AUGAS DE GALICIA-SUB.XERAL DE XESTION DOM.PUB.HIDRAULICO-PCV

DOMICILIO: PRAZA DE CAMILIO DIAZ BALIÑO, 7-9

POBOACION: 15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA

DENOMINACIÓN MOSTRA: DS3-AGV-260211-A1

DESCRIPCIÓN MOSTRA: Plástico de 1,5L precintado e pechado(1),contendo auga residual

DATA DE RECEPCIÓN: 28/02/2011

DATA FINALIZACIÓN E EMISIÓN: 7/03/2011

Análise realizada en LABAQUA S.A. Rua Secundino López 1 baixo - E15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA - Tfno 981 525 122 e Fax: 981 062 666:

PARÁMETROS	MÉTODOS	RESULTADOS	UNIDADES
Caracteres Físico-Químicos			
Demanda Bioquímica de Osíxeno	SC-FQ-PE/0058. Respirimetría.	< 5	mg O ₂ /L
Demanda Química de Osíxeno	SC-FQ-PE/0055. Espectrofotometría VIS.	< 5	mg O ₂ /L
Nitróxeno amoniacal	SC-FQ-PE/0043. Amonio por FIA/UV-VIS.	< 0.12	mg/L
Nitróxeno total	SC-FQ-PE/0052. Espectrofotometría.	1.1	mg/L
pH	SC-FQ-PE/0009. Electrometría.	7.2	U. pH.
Sólidos en suspensión	SC-FQ-PE/0053. Gravimetría.	16	mg/L
* Sólidos sedimentables	SC-FQ-PE/0053. Cono Imhoff	< 0.3	ml/l
Cations Maioritarios			
Calcio	SC-AA-PE/0048 Determinación de metais por ICP-OES	13.202	mg/L
Potasio	SC-AA-PE/0048 Determinación de metais por ICP-OES	7.214	mg/L
Sodio	SC-AA-PE/0048 Determinación de metais por ICP-OES	15.742	mg/L
Aniones			
Bicarbonatos	SC-FQ-PE/0036. Electrometría	58.0	mg/L
* Carbonatos	SC-FQ-PE/0036. Electrometría	< 5.0	mg/L CO ₃ Ca
Ortofosfatos	SC-FQ-PE/0042. Espectrofotometría VIS.	< 1.00	mgPO ₄ /L
Metais			
Fósforo total	SC-FQ-PE/0042. Espectrofotometría VIS.	< 0.10	mgP/L

INFORMACIÓN SUMINISTRADA POLO CLIENTE

DATA DE TOMA: 26/02/2011 HORA 15:40

OBSERVACIÓNS

Mostra recibida refrixerada

Este informe só afecta á mostra analizada. So poderá reproducirse parcialmente coá autorización por escrito do laboratorio

* Os ensaios marcados neste informe non están incluídos no alcance da acreditación do laboratorio.

Validada en Labaqua Galicia por Técnico Superior: María Teresa Díaz, Director Técnico: María José Vázquez.

Documento firmado electrónicamente. Autenticidade verificable mediante código seguro 5b7cb2d88c568113da3d6e31aece9755f0665059 en www.fnmt.es

Emitido en Santiago de Compostela, 7 de Marzal de 2011

DATOS XERAIS

INFORME Nº: 875835

ANÁLISE Nº: 1393279

MOSTRA REMITIDA POR: AUGAS DE GALICIA-SUB.XERAL DE XESTION DOM.PUB.HIDRAULICO-PCV

DOMICILIO: PRAZA DE CAMILIO DIAZ BALIÑO, 7-9

POBOACION: 15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA

DENOMINACIÓN MOSTRA: DS3-AGV-260211-B1

DESCRIPCIÓN MOSTRA: Plástico de 1,5L precintado e pechado(1),contendo auga residual

DATA DE RECEPCIÓN: 28/02/2011

DATA FINALIZACIÓN E EMISIÓN: 7/03/2011

Análise realizada en LABAQUA S.A. Rua Secundino López 1 baixo - E15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA - Tfno 981 525 122 e Fax: 981 062 666:

PARÁMETROS	MÉTODOS	RESULTADOS	UNIDADES
Caracteres Físico-Químicos			
Demanda Bioquímica de Osíxeno	SC-FQ-PE/0058. Respirimetría.	< 5	mg O ₂ /L
Demanda Química de Osíxeno	SC-FQ-PE/0055. Espectrofotometría VIS.	< 5	mg O ₂ /L
Nitróxeno amoniacal	SC-FQ-PE/0043. Amonio por FIA/UV-VIS.	< 0.12	mg/L
Nitróxeno total	SC-FQ-PE/0052. Espectrofotometría.	1.8	mg/L
pH	SC-FQ-PE/0009. Electrometría.	8.5	U. pH.
Sólidos en suspensión	SC-FQ-PE/0053. Gravimetría.	< 10	mg/L
* Sólidos sedimentables	SC-FQ-PE/0053. Cono Imhoff	< 0.3	ml/l
Cations Maioritarios			
Calcio	SC-AA-PE/0048 Determinación de metais por ICP-OES	26.678	mg/L
Potasio	SC-AA-PE/0048 Determinación de metais por ICP-OES	15.334	mg/L
Sodio	SC-AA-PE/0048 Determinación de metais por ICP-OES	25.044	mg/L
Aniones			
Bicarbonatos	SC-FQ-PE/0036. Electrometría	74.3	mg/L
Carbonatos	SC-FQ-PE/0036. Electrometría	14.0	mg/L CO ₃ Ca
Ortofosfatos	SC-FQ-PE/0042. Espectrofotometría VIS.	< 1.00	mgPO ₄ /L
Metais			
Fósforo total	SC-FQ-PE/0042. Espectrofotometría VIS.	< 0.10	mgP/L

INFORMACIÓN SUMINISTRADA POLO CLIENTE

DATA DE TOMA: 26/02/2011 HORA 15:45

OBSERVACIÓNS

Mostra recibida refrixerada

Este informe só afecta á mostra analizada. So poderá reproducirse parcialmente coá autorización por escrito do laboratorio

* Os ensaios marcados neste informe non están incluídos no alcance da acreditación do laboratorio.

Validada en Labaqua Galicia por Técnico Superior: María Teresa Díaz, Director Técnico: María José Vázquez.

Documento firmado electrónicamente. Autenticidade verificable mediante código seguro 5b7cb2d88c568113da3d6e31aece9755f0665059 en www.fnmt.es

Emitido en Santiago de Compostela, 7 de Marzal de 2011